



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 4/2021

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E NOVE DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E UN.

En Ordes, a vinte e nove de abril de dous mil vinte e un.

No Auditorio da Casa da Cultura, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D^a. MARÍA JESÚS REGUEIRO GARCÍA.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

Non asiste:

- D^a. MARÍA JESÚS REGUEIRO GARCÍA.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédesse a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR 25/03/2021.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédesse a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de 25 de marzo de 2021, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

A acta da sesión ordinaria, de data 25 de marzo de 2021, resultou aprobada por maioría de dezaseis votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde infórmase das actuacións seguintes:

- En relación ao Centro de Saúde de Ordes contará cunha unidade de saúde mental dende a vindeira semana. Os doentes de Ordes, Frades, Mesía, Tordoia e Trazo, contarán cun novo servizo no ámbito da atención primaria en horario de tarde. O servizo estará atendido por cinco profesionais, un psicólogo, dous psiquiatras, unha enfermeira e un traballador social. O servizo ocuparase da prevención, avaliación e diagnóstico, tratamento e rehabilitación dos trastornos mentais e do comportamento.
- Solicitouse unha reunión coa Consellería de Sanidade e coa Xerencia do Sergas a que espera asistir acompañado de directivos do Centro de Saúde co obxecto de que se poidan executar as obras de mellora que foron solicitadas recentemente.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

3. APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS, CRÉDITO EXTRAORDINARIO-SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 1PCE-SC 2021.

Expediente de modificación de créditos, suplemento de créditos 1P CE-SC/2021.

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 26/04/2021.

Visto o Informe de Intervención.

Visto o Informe de intervención sobre o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria.

Aberto o debate, prodúcense as intervencións seguintes:

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que ven loable que se invista na dotación de infraestruturas no Concello. No sen van a opoñer ás obras elixidas polo grupo de goberno, aínda que non entende moi ben cales foron as preferencias para elixir estas obras. Van a absterse sen oposición a estes investimentos.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que ven que algunhas das obras incluídas nestes expediente de modificación de créditos foron pedidas por este grupo municipal en diversos rogos, como é a obra de Raxide-Darefe ou a N-550 de Leira ao Bar Porto. Neste pleno van a plantexar un rogo para a pavimentación na zona da Espenica. Ven ven que se realice a obra na Castiñeira. Pola necesidade que tiñan xa tiña que ter sido engadidas nos orzamentos do POS+2021, non foron, se se van a facer perfecto. No pleno de setembro esta formación política pediu que se realizase un estudo para determinar a que se debe o problema das augas das traídas municipais. En concreto no Mesón do Vento hai un grave problema que aínda veñen as augas con impurezas, que se realizase unha modificación



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

nos orzamentos se había que facer algunha obra. Ven que non ven recollida. Gustaríalles que si o fose en vindeiras ocasións. En canto ás axudas ao sector da hostalería, esta formación política en abril de 2020, en pleno confinamento, xa dixo que ía ser necesario, dotar de axudas a autónomos e empresarios tal e como estaban a facer outros concellos. Esas propostas foron desatendidas. Tamén propuxeron os grupos políticos facer unha mesa para abordar este tema, proposta que tamén foi desatendida. En canto aos orzamentos aprobados en xuño de 2020, votaron en contra por que non reflexaban a realidade que estabamos vivindo. So incluían unha partida de 66.000 euros para Acordes sen ter en contra a outros colectivos de comerciantes, autónomos e hostalería. Agora realizan unha modificación de crédito, que ven ben, pero que puido terse feito antes. Moitos autónomos e empresarios pasaron dificultades no 2020 e moitos por esa causa tiveron que pechar. Non van a votar en contra, van a votar a favor, a modificación é necesaria. A estimación de 110.000 € gustaríalles que fose moito máis. A pesar dos erros anteriormente citados van a votar a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que como dixo o Alcalde dende o 20 de outubro de 2020 atópanse suspendidas as regras fiscais para 2020-2021. Regras que impedían o gasto do remanente e contra as que protestaron os concellos. Neste pleno tense acusado ao goberno do Estado de quere apropiarse destes fondos. Agora poden investirse e propoñen gastar dous millóns de euros dos tres millóns cincocentos mil dispoñibles. Deixan un millón cincocentos mil euros nos bancos. Non se trata de deixar a cero as contas como dicía o Sr. Alcalde, por que resulta prudente deixar unha certa marxe de manobra, pero si entende que poderían empregarse máis fondos en solucionar máis carencias da veciñanza. Votan en falta estender a rede de abastecemento de auga dende o Mesón do Vento ata o Canedo, ampliara as redes de abastecemento por Penelas e Vilaverde en Ordes, ampliar redes de saneamento en Buscás, Vilamaior ou en Parada, melloras no auditorio no que se atopan que adoce dun lavado de cara, unhas mellores condicións técnicas, as butacas son as que son. Campañas de dinamización e impulso do consumo no ámbito local con bonos dos que se beneficien hostaleiros, comerciantes e a propia veciñanza. Mercar maquinaria propia que permita a axeitada conservación de cunetas de camiños, pistas de concentración parcelaria e estradas municipais. Van a darlle un si crítico, baseándose en que non se trata de gastar todo, pero si que entenden que podendo gastar un pouco máis poderíase atender varias das demandas ou carencia que ten a veciñanza que indicaron anteriormente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que en primeiro lugar quere pedirlle ao PSOE que se sume ao que vai a ser o voto favorable de UxO e BNG. Estamos a falar de actuacións todas e cada unha delas necesarias. Imaxinen o que lles podería pasar se estivesen vostedes gobernando, imaxinen cando lles pasen propostas os veciños. Ao final hai que escoller, non hai fondos para facer todas e cada unha das actuacións e hai queilas priorizando. Por que consideran que estas son máis prioritarias. Teñen unha valoración por valor de cinco millóns de euros e so se invisten en obras un millón oitocentos mil euros, nin o corenta por cento o resto queda pendente. A maiores hai actuacións que xa están encauzadas por que hai financiación doutras administracións. A traída do Mesón do Vento é algo que lle preocupa a todos pero non diga que non se fixo nada, xa se lle anunciou aquí o que se ía a facer naquel pleno. Hai actuacións que xa se están a desenvolver pola concesionaria. Dígalle cantas foron as problemáticas dende o mes de setembro se as sabe, e as incidencia que houbo. Foi unha época complicada no verán pasado pero agradecería que lle dixera cales foron e se a concesionaria actuou ou non. Pediu fondos e diñeiro dos veciños cando o goberno municipal tratou de arranxalos negociando coa concesionaria, que sexa ela a que poña o diñeiro por que é a que lle cobra aos veciños pola prestación do servizo. É falso dicir que persisten os problemas que había entón. Tamén é falso que se desatendas as propostas de abril de 2020 de axudas a autónomos e empresarios. No PEL Reactiva da Deputación o Concello tamén fixo aportación de fondos municipais. Criticou os orzamentos de 2020, pero no debate xa se lle dixo que tiñan partidas pensadas para despois facer incorporacións de créditos e modificados de créditos para atender esas demandas. Non deixaron de atender ningunha delas cada vez que



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

houbo que facer aportacións dende o concello. Non queira desviar a atención ao que era a axuda nominativa. Tamén falso. Nos orzamentos había partidas de promoción económica, analice o documento dos orzamentos 2020, había máis de douscentos mil euros e trescentos trinta mil euros que se enviaron á Mancomunidade para gasto social. Minte cando di que a única aportación municipal para atender as necesidades dos veciños e das persoas que o estaban a pasar mal eran exclusivamente sesenta e seis mil euros. En relación á Mesa que pedían, xa lle deron xustificación no seu momento. Entenderon que a maneira de facer o seguimento da pandemia era a través da Comisión municipal de seguimento, que segue a funcionar no día de hoxe. Os modificados de créditos hai que facelos cando se fai a liquidación dos orzamentos para ter a base da cal tirar para adiante. Os puideron facer en outubro como dixo o Sr. Vidal Ríos, pero non o consideraban axeitado por que estaban pendentes do que ía a pasar coas regras fiscais que foron suspendidas, sen esquecer que a intención do Ministerio de Facenda era a confiscación dos remanentes dos concellos. Agradece a todos os concellos que se opuxeron a esa confiscación, a forza que fixeron para que se dese marcha tras, que foi a primeira gran derrota do goberno Sánchez e de Unidas Podemos. Preferiron traballar co orzamento 2020 e adiar esta modificación de créditos ata agora que se coñece o resultado da liquidación de 2020. Cada vez que saíu unha liña de axudas puideron sempre cofinanciala con total garantía. En relación coas actuacións que votan en falta, abastecemento en Penelas e Villaverde está incluída no Fondo de Compensación Ambiental da Xunta de Galicia, proxecto para o que se pediu financiación, cofinanciando o concello o Ive. Se finalmente non é aprobado buscarán a maneira de facelo con fondos propios, está xa consignado nos orzamentos prorrogados. A actuación do auditorio é moi necesaria, redactouse o proxecto no ano 2019. Están a espera despois de ter mantido unha reunión co Conselleiro de Cultura para asinar un convenio bianual a maior brevidade, terán que facer un suplemento de crédito extraordinario na parte que teñen que cofinanciar. Non van a facela con fondos municipais, senón don financiación doutras administración. Pediron un 25% de axuda da Deputación da Coruña a cal vostedes se opuxeron. A obra de abastecemento e saneamento no Canedo non a teñen esquecida. Ese proxecto xa está feito, onte reuníronse coa Conselleira de Infraestruturas, é un proxecto de 300.000 euros para dotar de abastecemento e saneamento toda a zona do Canedo, dende a baixada da Piolla e pode levar a través dun sistema de bombeo a impulsión para atrás, non teñen no final unhas fosas sépticas, hai que bombear para atrás cara a fosa da Adina Vella. Está pendente de financiación da Consellería de Infraestruturas para que poida ser unha realidade no ano 2022. Están de acordo que no Canedo hai unha serie de vivendas que teñen moitos problemas de abastecemento todos os anos no verán. En relación á maquinaria propia acaban de conseguir a propiedade dun tractor e dúas desbrozadoras. Os invita a transitar polos máis de mil quilómetros de rede viaria, non todos poden estar en óptimas condicións. Os tractores traballan. Agradece o voto positivo de UxO e BNG, agarda que tamén se acabe sumando o PSOE.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que tendo en conta as explicacións que acaba de dar, ao igual que o resto dos grupos político van a votar a favor.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que en referencia ao que dixo sobre o Mesón do Vento, eles referíanse a todo o municipio. Alégranse de saber, eles non teñen esa idea, a ver se os veciños tamén están de acordo con que ese problema está solucionado. En canto ás axudas, vostede mestura tamén, xa viron que deron axudas sociais, viron os orzamentos. Falaban que se tiñan que ter previsto moitas máis axudas para os hostaleiros, os autónomos e os empresarios, que é o que demandaban. Outros concellos o



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

fixeron, este concello podía facelo igual. Van a votar a favor por responsabilidade. Creen que a cantidade é insuficiente, espera que se incremente.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que cos remanentes houbo protestas, ao final quedaron. Agora que temos a oportunidade non de gastar todo, pero ese millón seiscientos mil que queda podía gastarse algo máis e seguir solucionando carencias que temos moitas. Hai moitas parroquias con carencias de servizos básicos. Mencionou que teñen os proxectos feitos, que intenta buscar financiación con outras administracións, pero a realidade é que a día de hoxe temos capacidade para intentar solventalas e intentar buscar financiación para outros proxectos. Estarían dispostos a votar favorablemente a gastar algo máis en solucionar esas carencias e dotar tamén esas campañas municipais como fixeron noutros concellos, mediante bonos fomentar o consumo local. É un si crítico, votan en falta gastar un pouco máis, para non lamentarnos despois cando volvan a entrar en vigor as regras fiscais.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que quedan oito meses. Pode entender que teña presa en que se gasten eses tres millóns seiscientos mil euros. Hai convenios enriba da mesa que non saben o que van ter que cofinanciar. Se o gastan e non poden cofinanciar ao mellor perden moito diñeiro. Hai que aforrar, non todo pode ser gastar. Hai previsión de actuacións, hai cuestións que queremos atender, adquisicións que están negociando que teñen que ter unha reserva de diñeiro por si lles fai falta. Se despois hai que ir ao banco, van a volver a endebedar ao concello e volver aos tempos pasados, xa o viviron os veciños de Ordes, non é o momento. Hai que xestionar rigorosamente. A crítica dende a oposición é moi sinxela, gobernar no día a día e cadrar as contas é o complexo. O Sr. Iglesias cuestiona as cifras, pero despois hai que convivir no día a día cos técnicos, cos provedores e hai que atender as demandas da veciñanza, e non se dan atendido todas. Hai parroquias que neste momento nestes proxectos van moi beneficiadas, vostede criticaba cando aprobaron o POS que había parroquias que quedaban esquecidas, agora están aquí. Xa estaban programando isto, xa llo anunciaron nese momento. Son coñecedores que se van a incorporar pola Deputación Provincial vinte millóns de euros para un POS+ Adicional 2/2021 no que incluírán dous dos proxectos que foron no Plan complementario, segue quedando aínda moito diñeiro pendente de incorporar para que poidan facer todos os proxectos que se incluíron no Plan complementario. A obra que vai da Barcula ao Seixo e ata o Mesón do Vento, outras como a de A Rúa, Carballedo. Necesitan que se doten os fondos para poden sacalos adiante. Van a seguir traballando pedíndolle á administración colaboración, para que dote de cofinanciación para facer estas actuacións tan necesarias. A interlocución coa Xunta de Galicia é boa para conseguir financiación para facer estas actuacións. Agradece a todos os concelleiros e grupos políticos que teñan a ben sumarse a un voto favorable a estas propostas.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar provisionalmente o expediente de modificación de créditos, crédito extraordinario-suplemento de crédito 1PCE-SC/2021, do orzamento municipal 2021, de acordo co seguinte detalle:

ORZAMENTO DE GASTOS				
Partida de gasto	Descrición	Créditos antes da modificación	Suplemento de crédito Crédito Extraordinario	Créditos finais



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

1532.619.00	Pavimentación de vías públicas. Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	372.496,33	1.175.975,66	1.548.471,99
161.623.00	Pavimentación de vías públicas. Maquinaria, instalacións técnicas.	80.588,97	408.545,90	489.134,87
164.629.00	Cemiterios e servizos funerarios. Outros investimentos novos asociados ao funcionamento operativo dos servizos	0,00	233.945,55	233.945,55
241.450.00	Fomento de emprego. Transferencias á A.X. CC.AA.	0,00	90.000,00	90.000,00
241.479.00	Fomento do emprego. Outras subvencións a empresas privadas.	280.099,12	110.000,00	390.099,12
	TOTAIS	733.184,42	2.018.467,11	2.751.651,53

ORZAMENTO DE INGRESOS				
Partida de ingresos	Descrición	Previsións antes da modificación	Financiamento	Previsións finais
870.00	Remanente de tesourería para gastos xerais	56.482,60	2.018.467,11	2.074.949,71
	TOTAIS	56.482,60	2.018.467,11	2.074.949,71

2.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

3.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da publicación do orzamento modificado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica deste Concello, segundo dispoñen aos arts. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso procederase de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

4. BONIFICACIÓN ICIO LICENZA URBANÍSTICA DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN/AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN AGROGANDEIRA.

Expediente de bonificación cota ICIO, licenzas urbanísticas de obras de construción/ampliación de explotacións agrogandeiras.

Visto o disposto no art. 5.1 (bonificacións) da Ordenanza fiscal nº 4, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (BOP nº 230, de data 13/12/13).

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 26/04/2021.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Aprobar unha bonificación do **75% da cota do ICIO**, licenzas urbanísticas de obras de construción/ampliación de explotación agrogandeiras:

- **GANADERÍA LIÑEIRA, S.C.**, con CIF nº J70039193, obras de ampliación de explotación agropecuaria existente de vacún de leite: cortello libre vacún leite (**792,00 m²**), fosa de xurro 3 cuberta (**540,00 m²**), cuberta fosas existentes (**557,85 m²**), silo (**400,00 m²**), almacén (**100,00 m²**), en Lg. Uzal, Barbeiros, Ordes (**Expdte. 249/2020 – SIGEM 2020/U022/000023.**).

5. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 25 de marzo de 2021, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

6. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Recentemente no DOG nº 53, do xoves 18 de marzo de 2021, publicábase o anuncio de data 09 de marzo de 2021, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, polo que se somete a información pública o estudo previo de iniciación da zona de reestruturación parcelaria de Poulo no concello de Ordes (A Coruña).

Desde o BNG valoramos positivamente o inicio deste proceso de concentración parcelaria nunha parroquia onde a actividade gandeira ten unha presenza significativa e desexamos que a tramitación do procedemento sexa áxil para acadar canto antes a tan necesaria reestruturación parcelaria na zona.

A este respecto cabe destacar que, a parte da correspondente á parroquia de San Xulián de Poulo, na actualidade atópanse en tramitación no noso concello as concentracións parcelarias de:

- Beán – Pereira (iniciada hai case 30 anos, o 13/06/1991).
- Mercurín – Lesta II (iniciada hai case 30 anos, o 13/06/1991).
- Parada (iniciada hai case 30 anos, o 13/06/1991).
- San Paio de Buscás (iniciada hai mais de 31 anos, o 23/11/1989).



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

- Santa Cruz de Montaos (iniciada hai case 30 anos, o 13/06/1991).
- Vilamaior - Barbeiros (iniciada mais de 30 anos, o 14/11/1990).

É dicir, 7 procesos de concentración parcelaria onde 6 deles levan abertos 30 anos sen que fosen rematados aínda a día de hoxe coa correspondente entrega de títulos. A esaxerada duración destes procedementos no noso concello resulta inadmisíbel, polo que compre que a administración galega faga un esforzo para o seu remate.

Por outra banda, na oficina virtual do medio rural, onde se atopan publicados os procesos de concentración parcelaria, atopámonos con que algún deles non dispón de ningunha información ao respecto (planos de títulos, planos do acordo...):

- A concentración parcelaria de Buscás (entrega de títulos o 05/11/1981).
- A concentración parcelaria de Santa María de Leira (entrega de títulos o 31/05/2017).
- A concentración parcelaria de Vilamaior-Barbeiros (iniciada o 14/11/1990).

Así mesmo botamos en falta a dispoñibilidade na plataforma dos correspondentes planos de cultivos, que permitan ás persoas propietarias a súa consulta, especialmente á hora de saber onde se pode ou onde non se pode plantar, unha das dúbidas mais habituais nos últimos tempos.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- O Pleno do concello de Ordes insta á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia:

- A levar a cabo as actuacións precisas para o remate das concentracións parcelarias de Bean – Pereira, Mercurín – Lesta II, Parada, San Paio de Buscás, Santa Cruz de Montaos e Vilamaior – Barbeiros, poñendo os recursos necesarios para elo.
- A publicar na oficina virtual do medio rural, información sobre as concentracións parcelarias de Buscás, Santa María de Leira e Vilamaior-Barbeiros.
- A publicar na oficina virtual do medio rural, os plans de cultivos das concentracións parcelarias do noso concello.

2.- Dar traslado do presente acordo aos grupos parlamentarios do Parlamento galego (PP, PSOE, BNG).

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta non resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate, prodúcense as intervencións seguintes:

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que se trata dunhas actuacións que están pendentes, non se va a negar a elas.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están de acordo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vai a facer un posicionamento e despois unha emenda in voce, que será retirada dun dos puntos para que poida contar co seu voto favorable, que vai a xustificar dende o punto de vista lexislativo e técnico. Agradece á anterior Consellería do Medio Rural a Sra. Ánxeles Vázquez para que o compromiso que adquiriu cos veciños de Poulo sexa unha realidade, Coa nova Metaga tres das concentracións parcelarias que se van a tramitar en todo Galicia vai a ser á da parroquia de Poulo. Xa se están a levar a cabo todas as actuacións necesarias para o remate das concentracións parcelarias do concello de Ordes nomeadas anteriormente, que afectan a oito das trece parroquias do termo municipal, e prevese que se materialice a entrega dos títulos de dúas delas no que resta de 2021 e no primeiro cuadrimestre de 2022. No que respecta ás publicación sobre a información das concentracións parcelarias, link: <https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/desenvolvemento-rural/concentracion-parcelarias>. Aquí pódense consultar as xa publicadas de todos os concellos de Galicia. En relación á moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego do concello de Ordes, que insta á Xunta de Galicia ao remate das zonas de concentración parcelaria abertas no mesmo termo municipal, é preciso apuntar, previa concreción do estado das mesmas, que a duración destes procedementos posúe diversas implicacións ao tratarse de procesos con enorme repercusión no territorio. Neste sentido, faise implícito á valoración desta moción, ter en conta o contexto lexislativo no que se encadran as parcelarias, cuxa pretensión é salvagardar as garantías dos propietarios así como dar cumprimento ás restantes lexislacións sectoriais de medio ambiente, augas, patrimonio cultural, entre outras. Ademais, en consideración disto, a Xunta de Galicia continúa, coma sempre, investindo esforzos en paliar o minifundismo presente na nosa comunidade, reducir e reverter o abandono de terras produtivas e mellorar as condicións de desenvolvemento sostible das actividades agrícolas, gandeiras e forestais no marco das súas competencias. Ao respecto, desde o Goberno galego a aposta polos procesos de reestruturación parcelaria é tanxible, coa finalidade de darlle máis valor ás terras e aumentar, á vez, a base territorial das explotacións, reducindo considerablemente os custos de produción. De feito, este ano foron presupostados na partida de infraestruturas 17,6 millóns de euros, un 24% máis que nas contas de 2020, para acadar o obxectivo de ter rematadas administrativamente as zonas de concentración parcelaria actualmente abertas. Neste sentido, no que vai do ano 2021, lévanse entregado títulos de 8 zonas e, ademais, está a exposición pública, no Diario Oficial de Galicia, o estudo previo de iniciación de tres novos procesos que se decretarán nas vindeiras semanas, un deles no concello de Ordes (Poulo). En total, son once as concentracións pechadas entre 2020 e 2021, preto de 3.500 propietarios beneficiados e 9.000 títulos entregados a data de hoxe. A estes efectos, no tócate ao estado das concentracións parcelarias do concello de Ordes, respecto á zona de concentración parcelaria Beán-Pereira II, iniciada o 13 de xuño de 1991, os propietarios levan facendo uso das súas fincas desde o ano 2012, xa que a toma de posesión data do 31 de decembro de 2012. A firmeza do acordo e a acta de reorganización son do ano 2020, do 2 de outubro e do 17 de novembro de 2020, respectivamente. Ademais, neste momento os títulos de propiedade están na Notaría para a súa protocolización. A entrega dos mesmos estaría prevista para o último semestre deste ano 2021. En segundo lugar, en relación á zona de concentración parcelaria Mercurín-Lesta II, iniciada tamén o 13 de xuño do 1991, os propietarios levan facendo uso das súas fincas desde o ano 2016, xa que a toma de posesión data do 30 de novembro de 2016. Estanse rematando as últimas modificacións e axustes alfanuméricos nas fincas, para posteriormente elaborar e tramitar os títulos de propiedade. No caso da zona de concentración parcelaria de Parada II, iniciada na mesma data, o 16 de xuño de 1991, os propietarios tamén fan uso das fincas desde 2016, xa que a toma de posesión data do 27 de xullo de 2016. Neste momento vaise ser contratada a colocación dos marcos dos recursos e terán lugar as pertinentes modificacións ao acordo. Tras isto, elaboraranse e tramitaranse os títulos de propiedade. Na reestruturación parcelaria de San Paio de Buscás II, iniciada o 23 de novembro de 1989, os propietarios fan uso das súas fincas



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

desde 2008, xa que a toma de posesión data do 27 de outubro de 2008. Na actualidade, estase rematando a validación gráfica e alfanumérica das fincas resultantes, así como punteando os títulos de propiedade para a súa impresión, protocolización na Notaría e Rexistro. Respecto á zona de Santa Cruz de Montaos II, iniciada o 13 de xullo de 1991, os propietarios están facendo uso das fincas desde 2007, xa que a toma de posesión data do 21 de novembro de 2007. Neste momento, está solicitada a firmeza do acordo, elaborados e revisados os títulos, para a súa tramitación en Notaría e Rexistro. Finalmente, en Vilamaior-Barbeiros II, concentración iniciada o 14 de novembro de 1990, os propietarios xa fan uso das súas fincas desde o ano 2008, xa que a toma de posesión data do 26 de novembro de 2008. A zona xa ten firmeza, pendente de redactarse a acta de reorganización para a tramitación dos títulos de propiedade das fincas de reemprazo na Notaría e no Rexistro da Propiedade. Ademais, está prevista a súa entrega a principios do vindeiro ano 2022. Xa se están a levar a cabo todas as actuacións necesarias para o remate das concentracións parcelarias do Concello de Ordes nomeadas anteriormente, e prevese que se materialice a entrega dos títulos de dúas delas no que resta de 2021 e no primeiro cuadrimestre de 2022. Cómpre sinalar que a Xunta de Galicia seguirá impulsando estes procesos da man da futura Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que vén a complementar e desenvolver o marco legal actual, para culminar un camiño iniciado pola Lei de mellora da estrutura agraria de Galicia (Metaga). Xunto coas reestruturacións parcelarias públicas reguladas na Metaga, a nova Lei apostará por mecanismos voluntarios de mobilización que permitan unha maior participación dos interesados na explotación das terras, como son os polígonos agroforestais, as agrupacións de xestión conxunta da terra, a iniciativa das aldeas modelo ou as permutas de especial interese agrario, entre outras. Así, o obxecto último das dúas normas é mellorar a estrutura territorial das explotacións agrogandeiras e forestais galegas, favorecendo a súa rendibilidade. Os plans de cultivos dos procesos de concentración parcelaria elaborados para algún de este procesos, non se consideran de obrigada aplicación en canto desde a entrada en vigor da Lei 7/2012 de montes de Galicia, e demais normativas vixentes de aplicación en materia forestal e ambiental. En outra orde, a data da presente moción, para ser vinculantes, deben de estar adaptados á vixente Lei 2/2016 do Solo de Galicia; conforme se reflexa na actualidade nos títulos de propiedade. Dos procesos indicados solo chegaron a ter plan de cultivos: Mercurín-Lesta II, Bean-Pereira II, Vilamaior-Barbeiros II, Buscás II, Montaos II. Dende o Distrito Forestal III, polo tanto non lle dan validez oficial algunha a ditos plans, e poden os propietarios informarse en dito organismo dependente da Consellería de Medio Rural da clasificación e uso compatible dende o punto de vista das normas vixentes e de aplicación. En Ordes non temos un plan xeral adaptado, hai que rexerse polas Normas Subsidiarias, os Anexos I e II da Lei de Montes e a nova Metaga que deixa sen efecto eses plans de cultivos non adaptados. Esas publicacións a día de hoxe non existen en ningún proceso de concentración parcelaria. Son os títulos de propiedade e fichas de cada propietario onde se incorporan. Pide que retire ese punto. Nos demais puntos están totalmente de acordo, votarán a favor. Esta é a emenda que lle plantexa unha vez que lle deu a explicación anterior.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o nome é o que consta na oficina virtual. Se realmente o correcto é ese non teñen inconveniente en adaptalo. En relación cos plans de cultivo a que se agarra un veciño de Ordes que quere plantar a súa propiedade. Nas Normas Subsidiarias todo o solo a inmensa maioría é rústico de protección ordinaria, pregunta se poden plantar aí, hai moi pouco solo rústico de protección forestal delimitado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se cumpre o Anexo I da Lei de Montes e nas autorizacións que se dan de corta xa vai contemplado, non é que poida é que está obrigado a



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

repoboar nun período mínimo de dous anos, e se lle din as especies coas que pode repoboar. Na propia autorización se indica toda a información. Moita xente fai as cortas sen autorización e fan as repoboacións sen as autorizacións sen pasar polo Distrito. Despois veñen os problemas. Non Distrito saben como teñen que aplicar a norma. A día de hoxe o Plan Básico Autonómico é unha ferramenta moi útil polo visor que ten e facilita os trámites ao cidadán que pode enlazar a súa parcela coa referencia catastral. No Distrito facilitan esa información. A día de hoxe non se poden aplicar os plans de cultivos que non se adaptan ás normas vixentes. Os veciños cando teñan dúbidas deben acudir ao Distrito.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que lle preguntou uns plenos atrás se tiñan que seguir algún tipo de trámite e se lles dixo que non a nivel municipal.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é a nivel autonómico. Normalmente son os propios maderistas os que introducen o modelo silvícola. Cando ven a autorización xa ven recoñecido o modelo silvícola. A quen hai que dirixirse é á Consellería e ao Distrito. A nivel municipal non se lle pode facer ningún tipo de trámite no solo rústico, non temos competencia.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que tendo en conta o anterior, aceptan a emenda. Estas dúbidas as ten moita xente, non sabe que facer. De cara a protexer os lugares nos que non se pode prantar e dar seguridade á xente que ten unha propiedade sería bo facer unha campaña a nivel municipal, nas redes, explicando isto que estamos a falar agora. Aceptan a emenda e agarda que a moción poida prosperar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é certo que nas Normas Subsidiarias a maioría do solo rústico é de protección ordinaria, pero hai solos agrarios. Os que están en zonas de protección non se poden repoboar con determinadas especies salvo que contén coa autorización correspondente. As zonas de protección de augas e ribeiras está perfectamente delimitado na Lei de montes en función da existencia da Rede Natura. A día de hoxe non ter un plan xeral adaptado á Lei do Solo no solo rústico salvo cun uso de pasto, uso agrario, fincas concentradas con uso definido no título de propiedade, non poden introducir especies de crecemento rápido, iso a maioría da xente que ten propiedades a día de hoxe o sabe. Outra cousa é como se actúa despois.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- O Pleno do concello de Ordes insta á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia:

- A levar a cabo as actuacións precisas para o remate das concentracións parcelarias de Bean – Pereira II, Mercurín – Lesta II, Parada II, San Paio de Buscás II, Santa Cruz de Montaos II e Vilamaior – Barbeiros II, poñendo os recursos necesarios para elo.
- A publicar na oficina virtual do medio rural, información sobre as concentracións parcelarias de Buscás (1ª Fase), Santa María de Leira e Vilamaior-Barbeiros II.

2.- Dar traslado do presente acordo aos grupos parlamentarios do Parlamento galego (PP, PSOE, BNG).

7. ROGOS E PREGUNTAS.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes.

- As políticas públicas sobre formas de xogo e apostas (ludopatía ou adiccions sen substancia), de forma especial as producidas polo avance da tecnoloxía, veñen amosando un grave problema de ausencia dunha regulación adaptada á realidade actual. E neste tema especialmente non podemos quedar atrás.

Goberno galego anunciou reiteradamente a presentación dunha lei autonómica que a día de hoxe aínda non veu a luz, entanto o único que se ten producido é un importante aumento da implantación de locais de apostas e a colocación de máquinas de xogo en locais de hostalaría.

A poboación máis nova constitúe un segmento poboacional especialmente vulnerable e por iso merecedor de toda a nosa atención á hora de desenvolver plans de prevención fundamentalmente no que respecta a Adiccions Comportamentais.

O aumento e case normalización do xogo e as apostas entre menores está suscitando unha enorme preocupación social, tanto en España como no conxunto da Unión Europea. Trátase dunha conduta ilícita que, segundo os escasos estudos existentes, nos deben de facer pensar e actuar, xa que mostran un perigoso tránsito de simple xogador ocasional a unha verdadeira adicción.

Ditos estudos, ao respecto destas adiccions, revelan datos preocupantes aos que hai que prestar atención. Case un de cada catro menores recoñece ter apostado diñeiro algunha vez na súa vida nalgún xogo de azar, o que equivale a uns 12.000 rapaces e rapazas. Unha porcentaxe elevada fíxoo de maneira presencial pero tamén preocupa a cantidade de mozos e mozas que o fixeron a través de Internet. As apostas deportivas lévanse o protagonismo e os bares e cafeterías son os lugares onde máis se realizan sen que se lles teña pedido nunca o seu DNI, sendo tamén relevante o uso de salas de xogo.

Galicia, como en moitos outros temas importantes, vai rezagada, e é moi importante actuar de xeito inmediato. É imprescindible, por exemplo, a posta en marcha dun instrumento que, con garantías, permita coñecer e estudar con profundidade o escenario para poder dotarnos de mellores ferramentas para combatelo. Igual de necesario é implementar unha necesaria lexislación que controle e regule o sector do xogo e apostas e que permita afrontar de cara os problemas derivados deste, xa non tan novo, problema con recursos materiais e humanos.

Dende a Deputación da Coruña vaise poñer en marcha, man a man con AGALURE, un programa piloto de prevención da ludopatía nos centros escolares da provincia, porque se quere e se debe concienciar á mocidade dos importantes riscos que entrañan estas



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

novas modalidades de xogo, marcando como obxectivo claro e prioritario a prevención da adicción fundamentalmente na poboación máis vulnerable.

Trátase dun plan que desenvolverá 18 charlas informativas ao alumnado de terceiro e cuarto da ESO que inclúe accións nos centros escolares, xuntanzas con técnicos dos concellos e orientadores dos centros nas que profesionais de AGALURE informarán sobre as adicións sen substancia e a maneira en que afectan á mocidade.

Polo anteriormente exposto, rogan ao Sr. Alcalde:

Poñer en coñecemento dos centros de ensino secundario do concello o Programa piloto da Deputación da Coruña para, de non estar incluídos neste plan piloto, soliciten a súa inclusión no futuro.

Solicitar ao Goberno galego a creación e posta en marcha dun Observatorio Galego do Xogo, que permita coñecer a situación actual desta lacra na nosa sociedade como ferramenta esencial para poñerlle freo e que sirva tamén para facer un seguimento da aplicación da lexislación en vigor e poder así actualizala e mellorar o seu marco normativo.

Solicitar ao Goberno galego a presentación, no menor espazo de tempo posible, dun proxecto de Lei do xogo de Galicia que recolla todas aquelas accións necesarias destinadas á prevención e co desenvolvemento de programas de prevención de condutas aditivas asociadas ao xogo e ás apostas e que regule as medidas de control e acceso a estas para os mozos e mozas.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de Política Social, que sinala que están de acordo con este rogo. Existe xa un anteproxecto de lei de xogo que introduce un aumento dos controis de acceso ao xogo por parte dos menores, restricións de publicidade no xogo presencial, accións preventivas dirixidas á sensibilización, formación e difusión das boas prácticas do xogo, ...etc. A Consellería de Sanidade ten vinte e unha unidades de asistencia ás condutas aditivas que contempla a ludopatía e desenvolve programas de prevención de recaídas con entidades como Agalure ou Agaja. Están de acordo.

- O Consello Interterritorial de Saúde marcou, dende antes de contar incluso coas primeiras doses de vacinas dispoñibles, as directrices e criterios que deberían seguirse a través da Estrategia de Vacunación fronte a Covid-19 en España. A dispoñibilidade de 3 posibles vacinas (hoxe xa podemos falar de 4) con diferentes características en canto a eficacia, loxística e perfís de poboación de ensaio, fixeron imprescindible este documento realizado por un Grupo de Traballo Técnico de Vacinación.

Redactábanse nese documento os principios éticos para a elección dos grupos aos que dirixir a vacinación: principio de necesidade, principio de equidade e principio de reciprocidade.

Fixábanse tamén unha serie de consideracións como a orde e os grupos de vacinación (en base á dispoñibilidade de doses): proporcionar vacinas ás persoas máis vulnerables e con maior risco de exposición e transmisión a outras persoas. Xa no mes de febreiro se contemplaba como grupo de vacinación prioritario o seguinte: “Docentes y personal de educación infantil y educación especial, incluyendo tanto a docentes como a otros profesionales que atiendan al alumnado”.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

A situación actual con respecto a este grupo de vacinación, en concreto os cuidadores e as cuidadoras que atenden directamente ao alumnado no comedor e nos tempos anteriores e posteriores ao xantar, está resultando totalmente incompreensible na Comunidade Galega xa que se produce unha diferenza entre o persoal dependente directamente da Administración autonómica e o persoal que presta estes servizos a través das ANPAS ou a través dos propios Concellos.

Por unha banda, a Consellería de Educación solicitou a vacina para os traballadores e as traballadoras dos comedores que xestiona directamente e desenténdese explicitamente do resto, xa sexan traballadores ou traballadoras das empresas contratadas polas ANPAS ou polos concellos cando todos e todas desenvolven a mesma función, independentemente de quen contrate o servizo.

O PSdeG-PSOE do concello de Ordes considera que a vacinación de todo o persoal que atende ao alumnado nos centros educativos é unha cuestión de saúde pública, máis cando no momento do xantar os nenos e as nenas retiran as súas máscaras, e incluso aos máis pequenos hai que axudarlles a comer, momento no que e a distancia de seguridade tampouco se pode respectar, tendo que renunciar obrigatoriamente ás medidas de prevención contra a Covid-19: máscara e distancia de seguridade.

Polo anteriormente exposto, rogan ao Sr. Alcalde:

Solicitar á Xunta de Galicia a vacinación inmediata da totalidade do persoal que desenvolve o seu traballo nos centros educativos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia con independencia de cal sexa o servizo que desempeñan e con independencia tamén de quen o preste garantindo dese xeito a seguridade en ditos centros.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de Política Social, que sinala que están de acordo.

- A xestión da sanidade pública xa non gozaba de boa saúde antes da pandemia. Despois de máis dun ano de pandemia podemos presumir do noso sistema sanitario so grazas ao traballo impagable e incansable dos seus e das súas profesionais en canto á atención hospitalaria.

Do mesmo xeito, a Atención Primaria contaba xa cunha situación tamén moi deficiente sendo obxecto de debate e de queixas continuadas por parte de colectivos de profesionais e usuarios do sistema sanitario de Galicia nos últimos tempos antes da pandemia.

Dende marzo de 2020 a situación de xestión agravouse exponencialmente, xa que se tiveron que suspender consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas que non fixeron máis que incrementar unha xa dilatada lista de agarda no noso sistema sanitario.

A falta de profesionais, a escasa organización dos centros, a ausencia da atención primaria nos órganos de dirección, a falla de coordinación entre a dirección do sistema sanitario e os e as profesionais, etc. fixo que a pandemia intensificara estes problemas e fíxoos de necesaria e urxente resolución.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

As barreiras actuais de acceso aos Centros de Saúde de atención primaria, as dificultades mesmo para comunicarse cos profesionais destes centros e o difícil acceso ás especialidades hospitalarias afecta á saúde da poboación e xera un malestar tanto no persoal sanitario como a nivel social. A maiores, esta situación provoca unha maior utilización da sanidade privada o que significa, sen dúbida algunha, unha desigualdade no acceso á atención sanitaria.

A modificación da Lei de Saúde de Galicia, ante a que xa pesa un recurso de inconstitucionalidade por entender que se introducen restricións e limitacións aos dereitos fundamentais (que so poden ser ditados pola lexislación estatal) é a mostra da intención do goberno galego de sobrepoñer o recorte de dereitos fundamentais por encima da tarefa de realizar unha planificación adecuada para saír da crise sanitaria actual. É a mostra de que o goberno galego, unha vez máis, pretende legislar aquilo que non lle corresponde e deixa valeiras as responsabilidades de xestión que si son da súa competencia.

Polo anteriormente exposto, rogan ao Alcalde:

Instar ao Goberno galego:

- 1.- A elaboración dun Plan para a Recuperación do Sistema Sanitario Público de Galicia.
- 2.- A modificación dos orzamentos da Comunidade autónoma para incrementar o número de profesionais sanitarios así como dotar de estabilidade laboral aos mesmos, poñendo fin á elevada precariedade existente no sistema sanitario galego.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de Política Social, que sinala que en canto á reforma da Lei de Saúde a Xunta de Galicia leva tempo advertindo que o conxunto de España carece dun marco normativo axeitado para xestionar unha pandemia de longa duración como esta. O mecanismo do estado de alarma está pensado para ser aplicado dun xeito limitado. Todos están de acordo en que este non é un episodio pasaxeiro. A Lei orgánica do ano 1986 é moi xenérica. Fala de tomar as medidas oportunas ou as que se consideren necesarias. Goberno e comunidades autónomas tiveron que ir improvisando. Os que unificaron doutrina foron os Tribunais superiores de xustiza. O goberno da Xunta en outubro de 2020 fixo unha proposta ao goberno de España que mirou para outro lado decretando un novo estado de alarma como única media para xestionar esta pandemia. O goberno da Xunta presentou esta lei por responsabilidade como o fixo o goberno alemán que modificou as súa leis sanitarias. Con respecto ao Plan de recuperación do sistema sanitario público, están de acordo coas cantidades para sanidade, pelexaron constantemente para conquistar xunto co centro de saúde dotacións para Ordes. Aos orzamentos agréganse catro liñas de fondos que acadan case mil millóns de euros, estanse avaliando proxectos no eido sanitario a través da estratexia Next Generation por outros dous mil. No que atinxe aos veciños de Ordes Galicia conta co Plan galego de atención primaria 2019-2021, unha das súa metas era a creación de 331 prazas de atención primaria. A atención primaria viuse mermada na pandemia ao introducirse esa valoración telefónica previa á necesidade de consulta presencial para reducir un risco de transmisión. Agora implantouse un plan de recuperación dotado de quince millóns de euros que vai a tratar de axilizar. En canto ao número de profesionais a OEP de 2020 ofertou 973 prazas das 3000 que se pediron, por que o goberno da nación non levantou a taxa de reposición de efectivos. Coa nova OEP 2021 púidose incrementar o 110 % son 1203 prazas. Estaban dispostos a crear as 3000 prazas. Seguiran loitando para o incremento dos orzamentos de sanidade.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que formula os rogos seguintes:

- Veciños/as de zona do Casal puxéronse en contacto con esta formación política para denunciar as fochancas que se encontran na pista que vai á Pedreira ao seu paso polo lavadoiro, como se pode ver nas imaxes.

Solicitamos ó señor Alcalde:

Que se arranxe ditas fochancas no firme.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os traballos de rebacheo están iniciado como se lle dixo no anterior pleno, que se ían comezar na semana seguinte. Por tanto cando corresponda. Non hai unha preferencia dun sitio con respecto a outro.

- A educación e a formación dos cidadáns dun país é un dos piares básicos para chegar a unha sociedade moderna e con igualdade de oportunidades, así é considerado por moitas persoas e tamén pola maioría dos partidos políticos.

Os concelleiros que representamos na actualidade ao grupo político Unión por Ordes, cremos que as institucións deben poñer a disposición dos/as estudantes todos os recursos humanos e materiais necesarios para que poidan levar a cabo as tarefas de estudo de forma cómoda, e igualmente facilitar, na medida do posible, o seu proceso de formación.

Por iso, propoñemos a creación dun “Espazo de estudo e formación”:

Un espazo amplo adecuado para o desenvolvemento das actividades académicas, que ofrezca as comodidades necesarias, para que os estudantes poidan traballar e formarse nun ambiente tranquilo e coa imprescindible concentración.

Este espazo, na nosa opinión, debería ter as seguintes características:

Sala de estudo ampla e con conexión wifi e postos de traballo individuais con toma de electricidade (esta sala estaría dedicada única e exclusivamente a tal fin).

Sala formativa de exposicións e reunións independente, con todo o material necesario para levar a cabo o ensaio e exposicións de proxectos, tanto académicos como empresariais, busca de información en ordenadores, cursos de formación, ...etc.).

Sala independente de descanso, provista de máquinas expendedoras de café, ... etc., que permita aos estudantes realizar descansos durante as horas de estudo.

Acceso á sala mediante tarxeta personalizada e intransferible: este sistema permite saber quen estivo facendo uso da instalación en cada momento.

Amplo horario: moitos veciños/as por cuestións persoais (estar traballando, opositar, conciliación familiar, ...etc.) ven moi difícil cadrar as súas horas de estudo co horario ordinario de apertura de instalacións municipais. Este sistema de tarxeta permitiría a todos/as os usuarios/as deste espazo poder facer uso del cando dispuxesen de tempo libre sen ter que desprazarse a localidades limítrofes como Santiago ou A Coruña para ir a estudar durante a fin de semana. Sabemos que actualmente existen restricións



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

horarias (toque de queda) por causa do Covid e que os horarios terían que adecuarse ás mesmas temporalmente. O obxectivo máis adiante, cando as autoridades o permitan, sería implantar un horario de 24 horas.

Polas razóns anteriormente expostas, solicitamos ao señor Alcalde:

A creación dun “Espazo para o estudo e a formación” coas características anteriormente citadas.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de Educación, que sinala que se ten contemplado un espazo para o estudo, as súas características determinaranse no seu momento tendo en conta determinadas variables, posibilidade do espazo, dispoñibilidades de usuarios, custo do servizo, ...etc.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que fan esta proposta por que é algo que lle demandaron algúns estudantes que van á Biblioteca municipal. Necesitan un local tranquilo ao que poder acceder en lugar de desprazarse a Santiago ou Coruña para estudar, que se poida ofrecer dende o concello de Ordes. Esta é a súa proposta. Esperan que a contemplen e se teña feito o antes posible.

Intervén a Srs. García Gómez, que sinala que a Biblioteca municipal non é unha biblioteca universitaria. Cando un grupo de estudantes en determinados momentos necesitou un espazo de estudo o solicitaron e lles foi concedido. Queren crear un espazo de estudo. As características determinaranse cando se cree.

Intervén o Sr. Ribadas Gómez, en representación do grupo político UxO, que formula os rogos seguintes:

- Unha das pragas que asola Galicia nas últimas décadas é a presenza da avéspera velutina. As picaduras desta avéspera, ademais dunha forte dor, poden producir nas persoas reaccións alérxicas graves e incluso, nalgúns casos, a morte.

Solicitamos ó señor Alcalde:

Que se instalen trampas para velutinas en zonas comúns nas que a súa presenza poida supoñer un risco para as persoas (roteiros, parques, centros de ensino, ...) así como que se inicie unha campaña para proporcionar aos veciños/as do municipio, previa solicitude, trampas para instalar nas propiedades privadas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que dende a concellería de medio rural xa existe un acordo con apicultores locais, o convenio con Seaga prolongouse por un ano máis para a loita contra a vespa velutina e retirada dos niños.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Por desgraza, a pouca sensibilidade medioambiental de algúns e/ou algunhas,



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

póñense de manifesto, por enésima vez no Concello de Ordes, en forma de vertedoiros incontrolados.

Un novo vertedoiro, desta vez en forma de colchóns e diversas espumas.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se proceda á correcta xestión dos residuos localizados nos vertedoiros indicados.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que se dará traslado á policía local para informe, posteriormente pasará a brigada de obras para a súa retirada.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Nas pistas da concentración parcelaria de Ardemil, a vexetación comeza a densificarse polas cunetas. Dado que os tractores municipais non están a levar a cabo tarefas de roza na actualidade, entendemos que resulta axeitado que traballen polas pistas da citada concentración, antes de que a maleza acade un grosor que faga inviable a súa roza empregando os equipos empregados habitualmente nestas tarefas.

Ademais nalgúns tramos, as pistas atópanse bastante deterioradas.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A enviar aos tractores municipais a levar a cabo tarefas de roza nas pistas da concentración parcelaria de Ardemil.

A levar a cabo as actuacións precisas para a pavimentación dos tramos deteriorados nas pistas da concentración parcelaria de Ardemil.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o rogo non é axeitado. Os tractores están a traballar na actualidade. Están na rede de camiños da concentración parcelaria de Buscás, 2ª fase, dende fai varias semanas. A parroquia de Ardemil inclúese no convenio de prevención e defensa contra incendios. Xa se está a traballar na súa contratación. Vai a procederse á limpeza da rede viaria de Ardemil ao longo dos meses do verán como foi nos anos 201 e 2019. É a parroquia máis grande en extensión e en quilómetros de pistas. En canto á pavimentación dos tramos deteriorados, son arranxos de cunetas para que a auga non vai pola zona de tránsito e votar algún material de zorra nalgunhas zonas. Son moitos quilómetros, son moitas as redes de camiños. Os tramos deteriorados cando teñen coñecemento deles faise unha labor de mantemento deses puntos degradados.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que hai algúns como si estivesen arados completamente. Hai algún que ten moita falta. Tamén detectaron algún nas pistas de Buscás. O antes que se poidan intentar arranxar eses máis degradados.

Intervén o Sr. Alcalde, que insiste en que teñen moitos quilómetros de pista. Como a foto que presentan poden ter multitude de situacións. Recorrer o setecentos quilómetros de rede secundaria é moito traballo. Non é mo mesmo un rebacheo. É importante que os veciños



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

trasladen estes puntos para a súa comprobación e ver cando se pode actuar. A maioría dos casos é un mal uso das cunetas.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- A fin de regularizar o ancho da rúa que transcorre en Vilar, fronte á casa da foto adxunta, que redunde en beneficio da seguridade para o tráfico rodado e para os transeúntes, pode o Concello realizar algún trámite para que se expropie ou realice outra actuación sobre dito inmovible por razón da ordenación territorial e urbanística?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto é algo necesario, xa se mantiveron dúas reunións de contacto cos propietarios dese inmovible. A día de hoxe non é posible a súa adquisición por que están pendentes de facer eles unha xestión a nivel de títulos. Ese punto é estreito para os dous viais. Agardan poder resolver esta adquisición unha vez que teñan título habilitante. É beneficios para a zona.

Intervén o Sr. Iglesias Vietes, voceiro do grupo político UxO, que formula as preguntas seguintes:

- O edificio Isabel Zendal aínda non está aberto ó público. ¿Cal é o motivo polo que aínda non se puxo en funcionamento?.

Intervén a Sra. Gracia Gómez, concelleira delegada de política social, que sinala que a pandemia, cuestións administrativas, deseño do interior, funcionalidade. Xa houbo varias reunións cos especialistas para adaptación ás necesidades dos usuarios. Agardan que en setembro estea en funcionamento.

Intervén o Sr. Vidal, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes.

- Sobre o Consello Escolar Municipal.

¿Retomou a súa actividade?.

¿Que nos poden dicir dos informes anuais pendentes sobre o estado do ensino no municipio e do informe bianual sobre a evolución e o estado actual do sistema educativo no municipio, en base ao exposto no artigo 20 do Regulamento do Consello Escolar Municipal?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que non se



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

retomou a súa actividade por que segue a estar pendente que os sindicatos educativos nomeen aos seus representantes. Os centros escolares fan as reunións dos consellos escolares por videochamada ou email, prefiren esperar. A finais de 2020 os IEs foron enviando os resultados. Espera retomar a actividade co inicio do curso.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás **vinte** horas e **dezasete** minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE

José Luis Martínez Sanjurjo

(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO

Juan Luis González Iglesias